



## *A unidade e a harmonía da realidade. Complexidade e ecoloxía*

---

Victorino Pérez Prieto. Galaxia, Vigo 2022. 282 páxs.

A modernidade foi marcada polo pensamento filosófico de Descartes e a descrición científica do Universo de Newton. Ambos estenden a súa influencia até hoxe, producindo unha visión fragmentada da realidade. No século XX, a ciencia newtoniana foi largamente sobrepasada polos desenvolvementos da nova física, que está a construír unha imaxe moito máis complexa do universo, e permítaseme, como biólogo, dicilo, a nova bioloxía, que nos axudará, neste século XXI, a profundar nunha crítica da visión tradicional acerca da posición do ser humano nesa mesma realidade. Pero como dicía Whitehead «a nova mentalidade é máis importante ca a nova ciencia e a nova tecnoloxía». Deses nova mentalidade é do que trata o libro obxecto deste comentario.

Comeza o autor, ben coñecido para os lectores e lectoras de *Encrucillada*, citando a Raimon Panikkar para nos poñer en garda fronte a unha das miserias do noso tempo: «A meirande epidemia do noso mundo é a superficialidade»; quere reclamar que sen unha espiritualidade, sexa esta relixiosa ou laica, non podemos ser plenamente humanos e, por ende, vivir harmonicamente coa realidade que nos rodea. A preocupación ecoloxista do autor é recorrente na súa obra, da que en galego temos o libro *Do teu verdor cinguido*, publicado nun xa distante 1997, e do que a presente obra podería ser considerada, en certa medida, unha extensión reorientada.

A vivencia en harmonía e en solicitude responsable para co noso planeta, afastados dunha visión superficial, ten moito que

ver, en palabras do autor, coa superación dunha «perspectiva fragmentaria de ver a Realidade». Esta idea, explicitada de múltiples maneiras (unidade nas diferenzas, interconexión de todo con todo, tecido sen costuras da realidade...), está presente ao longo de cada capítulo do libro, pois a tese que latexa de fondo na obra é que esta maneira de comprender o mundo agromou, e podemos acceder a ela, nas diversas aproximacións con que a inquietude humana tentou abordar a comprensión de todo o que nos rodea, sexan estas filosóficas, científicas, relixiosas ou místicas. Así, se nos decidimos a proseguir a lectura, o libro acompañaranos, nun longo pero ameno camiño de prosa fluída e explicacións case sempre moi accesíbeis, arredor das ciencias da complexidade, da *philosophia perennis*, da filosofía de Husserl, Zubiri e Amor Ruibal, do pensamento de Panikkar e Morin, da espiritualidade de Simone Weil e Thomas Merton, da mística de Juan de la Cruz e Teilhard de Chardin, da cosmovisión do papa Francisco.

O autor é especialista no pensamento de Raimon Panikkar

que, coa súa intuición cosmo-teándrica, tratou de ir para alén das visións teocéntrica ou antropocéntrica da realidade. O capítulo III achegará o lector ao pensamento deste prolífico autor en torno á interrelacionalidade de toda a realidade, un pensamento que harmoniza ben co doutro dos grandes pensadores do século XX, Edgar Morin, a quen Pérez Prieto ten dedicado tamén algúns estudos previos e a quen revisita neste mesmo capítulo.

Os capítulos V e VI son dedicados a estudar a visión cristiá en relación co desafío ecolóxico. Mostra o autor que, lonxe dos tópicos moitas veces repetidos, a visión xudeocristiá é «intrinsecamente verde». Esta idea, que atribúe mesmo ao propio Xesús de Nazaret, ficou magnificamente concretada na cosmovisión da encíclica *Laudato si* do papa Francisco, á que se dedica toda unha sección do capítulo VI.

Finalmente, as ideas que foron aparecendo ao longo do libro son elaboradas no capítulo VII para apuntar ao que o autor denomina unha *ecoteoloxía* e unha *eco-espiritualidade*. A con-

cepción relacional da realidade (ou Realidade, como é grafada a palabra ao longo de todo o libro) –conclúe o autor– deberíanos levar a unha nova maneira de concibir a nosa relación con Deus. De ser concibido como o Señor distante que domina o universo ao Deus Pai-Nai, Compañeiro, Amante e Amigo/a. Un Deus concibido como relación trinitaria e a súa relación co mundo ollada desde un panenteísmo que ve a Deus en todo e onde todo está en Deus. Esta

concepción relacional radical, caracterizada como non dual é, sen dúbida, atrevida no actual panorama teolóxico e debería iluminar tamén a nosa relación con todo o que nos rodea, sexa este humano ou non.

O libro, magnificamente editado por Galaxia, leva na portada unha fermosa acuarela, cuxa contemplación invita á reflexión integradora que o texto reclama.

**Xaime M. González Ortega**